

Sir William R. Hamilton (Irlanda, 1805-1865)



Matemático, físico e astrónomo irlandés. Fixo importantes contribucións ao desenvolvemento da Óptica, a Dinámica e a Álgebra.

O seu descubrimento do «cuaternión», xunto co seu traballo en dinámica, son os seus traballos máis coñecidos. Este último traballo foi despois decisivo no desenvolvemento da mecánica cuántica, onde un concepto fundamental é chamado «hamiltoniano» na súa honra.

Hamilton demostrou o seu inmenso talento a unha idade moi temperá.

O Dr. John Brinkley, astrónomo e bispo de Cloyne, en 1823, cando Hamilton tiña 18 anos dixo: *Este mozo, non digo que será, senón que é, o primeiro matemático do seu tempo.*

Conta a lenda que a Hamilton se lle permitía pisar o céspede da Universidade, algo totalmente prohibido. Posiblemente ocorrese que, absorto nas súas meditacións, descoidase esta prohibición e accidentalmente camiñase polos xardíns, aínda que absolutamente ninguén en toda Irlanda se atrevería a interrompelo ou a amoestalo.

Esta anécdota seguramente serve para dar idea da categoría de Hamilton como un dos grandes matemáticos da historia.